



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XANEIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 25 de xaneiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Pablo Olmos Pita
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Fernando Carballo Villar (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. María Jesús Magdalena Vila (asiste ao punto 3b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 18 de xaneiro de 2017

Apróbase a sesión do 18 de xaneiro de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 20 de xaneiro de 2017

Apróbase a sesión do 20 de xaneiro de 2017 cos votos de D. Pablo Olmos Pita, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que, en base ao acordado pola Mesa na sesión do 18 de xaneiro de 2017 concedeuse un prazo de 3 días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. CLAUDIO ABALO CARRERA
2. DIEGO BALLESTEROS PEINADO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:22	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A54B-C83542-552H46-HNYWG9-YCCURA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o prazo concedido, presenta documentación CLAUDIO ABALO CARRERA. Non consta que DIEGO BALLESTEROS PEINADO teña presentado documentación ningunha.

Está presente na sesión o director de Réxime Interior de Vigozoo, quen presta asesoramento aos membros da Mesa.

Á vista do anterior, e unha vez cualificada a documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Non admitir no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612) aos licitadores que deseguido se relacionan e polos motivos que se indican:

- CLAUDIO ABALO CARRERA: Por non declarar a solvencia técnica esixida neste procedemento, segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Esta cláusula establece que a solvencia técnica e profesional se acreditará mediante:

“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.

En coherencia co asesoramento prestado polo director de Réxime Interior de Vigozoo, os contratos declarados polo licitador dentro dos últimos 5 anos non se refiren a prestacións análogas ás do obxecto do contrato, sendo o obxecto do contrato a *“prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo”* (apartado 2a do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), co detalle previsto na cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares.

- DIEGO BALLESTEROS PEINADO: Por ter declarado unha solvencia técnica e económica insuficientes segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (*“Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”*) e no seu Anexo II, sen que se tivese emendado durante o prazo concedido para o efecto.

3.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

En acto público abriuse o Sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* do único licitador admitido co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo	Bolsa de horas sen
-------------	-------	--------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:22	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A54B-C83542-552H46-HNYWG9-YCCURA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

		custo
DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)	119.185 euros	100 h./ano

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo (baixa prezos unit.)	Increment. nº medicións anuais locais comerc. (mínimo anual 400)	Incorporac á base datos GIS dos croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a este contrato, 1º ano contrato	Increment. % exptes postos a disposic. da XTC nun prazo < a 6 meses	Facilitar valorac. desglos. de solo e construc. para cada ben inmoble segundo necesid.	Asignac. ref. catastral en locais incluídos no Padrón Taxa Lixo comercial e vaos, nos 2 1ºs anos do contrato	Increment. frecuencia modific. datos censuais	Prefer. lote*
EIBISA NORTE, S.L.	14,00%	200	5000	50	si	500	60	B
	14,00%	200	5000	50	si	500	60	B
LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	14,90%	200	5000	50	si	500	60	B
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.	15,00%	200	5000	50	si	500	60	A

Lote A

Lote B

* Para o suposto de resultar adxudicatario dos dous lotes

Faise constar que a empresa EIBISA NORTE, S.L. presenta dúas proposicións, unha por cada lote, mentres que LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. presentan unha soa, común para os dous lotes.

A proposición presentada por LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. contén a seguinte nota:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:22	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A54B-C83542-552H46-HNYWG9-YCCURA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *“Con relación o punto 5 da proposición económica, a posta en disposición da Xerencia Tertritoroal do Catastro de expedientes, acreditarase polo adxudicatario, durante o transcurso do contrato, bien mediante a posta en “DISPONIBLE” na plataforma SAUCE ou ficheiro FIN, ou ben mediante informe ao Responsable do Contrato respecto dos expedientes rematados pero non postos en “DISPONIBLE” por instrucións da Xerencia Territorial do Catastro.*
- *No caso de que nos se poña en “DISPONIBLE” no prazo de seis meses por causas alleas a Xerencia Territorial do Catastro, realizarase informe individualizado sobre a causa da demora”.*

Tamén SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. inclúen unha nota na súa proposición:

“En cuanto al punto 5 de criterios valorables a través de fórmula, la puesta a disposición de la Gerencia Territorial del Catastro de los expedientes se acreditará por el adjudicatario durante el transcurso del contrato, bien mediante la puesta en Disponible en la Plataforma SAUCE o FIN o bien mediante informe al responsable del contrato respecto de los expedientes terminados pero no puestos en Disponible por instrucciones de la Gerencia Territorial de Catastro. En caso de que no se ponga en Disponible en el plazo de 6 meses, por causa ajena a la Gerencia, se realizará informe individualizado de la causa”.

Asiste á sesión D^a. María Ángeles Rebolledo Varela, xefa da Área de Inspección da Xerencia Territorial do Catastro, designada pola Comisión de Seguimento do Convenio asinado entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo de colaboración en materia de xestión catastral, con data do 20 de decembro de 2001 (cláusula 14^a). Tamén asisten D. Nicasio Breijo Rey, con DNI 32.419.374, en representación de EIBISA NORTE, S.L. e D^a. Natalia Zunzunegui, con DNI 36.098.330-Z, en representación de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.-L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor, no que se indique, entre outros aspectos, a incidencia que poidan ter as notas recollidas nas proposicións de LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. nas súas ofertas.

4.- Incidencias

a) Dar conta da modificación do acordo de composición da Mesa de Contratación (5266-241)

A secretaria informa aos membros da Mesa que por acordo da Xunta de Goberno local do 13 de xaneiro de 2017 se modificou a composición da Mesa para actualizar os postos de varios membros da Mesa aos resultantes da reestruturación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:22	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A54B-C83542-552H46-HNYWG9-YCCURA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

organizativa e funcional dos servizos xurídicos municipais.

b) Recordatorio, reconsideración ou adopción, se procede, de acordos en relación coas actuacións da Mesa de Contratación

A secretaria comprométese a enviar aos membros presentes na sesión os acordos adoptados ata o momento en relación coas actuacións da Mesa de Contratación, por se fose necesario a súa reconsideración ou formulación de propostas.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:22	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A54B-C83542-552H46-HNYWG9-YCCURA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		